

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

6044 *Real decreto 368/2010, do 26 de marzo, polo que se regulan as especificacións e condicións para o emprego do documento único electrónico (DUE) para a posta en marcha das empresas individuais mediante o sistema de tramitación telemática.*

Tomando como base distintas iniciativas europeas, o Goberno de España veu desenvolvendo unha serie de medidas para impulsar, favorecer e facilitar a creación de empresas.

No ano 2003, tomando como referencia a Carta Europea da Pequena Empresa, créase a figura da sociedade limitada nova empresa e o Centro de Información e Rede de Creación de Empresas (CIRCE), un sistema de tramitación telemática para a constitución da sociedade limitada nova empresa. O CIRCE créase na Lei 7/2003, do 1 de abril, da sociedade limitada nova empresa, que modifica a Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada.

Posteriormente, como consecuencia do Consello Europeo do ano 2005, no cal se decide renovar a Estratexia de Lisboa facendo clara referencia á Carta Europea da Pequena Empresa, o Goberno de España elabora o Plan Nacional de Reformas, un de cuxos eixes é o Plan de Fomento Empresarial, o cal recolle unha serie de medidas no ámbito da creación de empresas: (i) a extensión da tramitación electrónica posta en marcha para a sociedade limitada nova empresa a todas as sociedades de responsabilidade limitada e (ii) a ampliación da rede de puntos de asesoramento e inicio de tramitación, oficinas que ofrecen servizos de asesoramento, información e tramitación electrónica de creación de empresas aos emprendedores españois.

Mediante este real decreto posibilitábase que o empresario individual utilice o procedemento electrónico do sistema CIRCE para levar a cabo os trámites de creación da súa empresa mediante a utilización do documento único electrónico. Todo isto, en consonancia cos títulos terceiro e cuarto da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, que establecen, respectivamente, a xestión electrónica dos procedementos administrativos e a cooperación entre administracións para o impulso da Administración electrónica, así como coa Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, que no seu artigo 8.1 establece que os trámites e procedementos para o acceso a unha actividade de servizos se poidan realizar facilmente por vía electrónica a través do portelo único.

Este real decreto enmárcase no contexto de impulso da actividade empresarial, incluído no segundo paquete de medidas adoptado polo Goberno no marco do Plan de Redución de Cargas Administrativas e Mellora da Regulación, aprobado polo Consello de Ministros do 14 de agosto de 2008.

A disposición adicional oitava da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, prevé que regulamentariamente se poderán incluír novos datos no documento único electrónico co fin de que poida servir para o cumprimento doutros trámites, comunicacións e obrigacións en materia de creación de empresas.

Así, esta norma aplica, para as empresas individuais, o mecanismo desenvolvido polo Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, polo que se regula o sistema de tramitación telemática a que se refiren o artigo 134 e a disposición adicional oitava da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada.

De acordo co disposto no artigo 37, alínea h), da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, este real decreto foi sometido a informe da Axencia Española de Protección de Datos.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Industria, Turismo e Comercio e de Xustiza, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de marzo de 2010,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación da disposición.*

1. Constitúe o obxecto deste real decreto a regulación das especificacións e condicións para o emprego do documento único electrónico (DUE), para os efectos da posta en marcha da empresa individual.

2. Este real decreto será de aplicación ás persoas físicas de dezaioito anos de idade ou máis, que realicen ou vaian realizar de forma habitual, persoal, directa, por conta propia e fóra do ámbito de dirección e organización doutra persoa, unha actividade económica ou profesional a título lucrativo, empreguen ou non traballadores por conta allea.

3. As disposicións contidas neste real decreto non alteran as normas relativas á tramitación administrativa non electrónica para a posta en marcha das empresas individuais a que se fai referencia no punto primeiro.

4. O disposto nos puntos anteriores entenderase sen prexuízo do emprego e aplicación das técnicas e medios electrónicos que en materia de sinatura e envío de documentos poidan establecer as diferentes administracións públicas e os organismos públicos e entidades vinculadas ou dependentes delas, no marco do disposto pola Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Artigo 2. *Puntos de asesoramento e inicio de tramitación.*

1. A tramitación e envío do DUE referente á empresa individual poderán ser realizados polos puntos de asesoramento e inicio de tramitación (PAIT) definidos na disposición adicional oitava da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, a partir da entrada en vigor deste real decreto.

2. A tramitación do DUE tamén se poderá realizar a través do portelo único que a Administración pública española pon á disposición dos prestadores de servizos, tanto nacionais coma dos Estados membros, segundo se establece no artigo 18 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

3. A tramitación por vía electrónica do DUE estará dispoñible para os cidadáns a través da subsede electrónica da Dirección Xeral de Política da Pequena e Mediana Empresa.

CAPÍTULO II

Documento único electrónico (DUE)

Artigo 3. *Natureza e contido do DUE.*

1. O DUE é un instrumento de natureza electrónica regulado polo Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, polo que se regula o sistema de tramitación telemática a que se refiren o artigo 134 e a disposición adicional oitava da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, e polo Real decreto 1332/2006, do 21 de novembro, polo que se regulan as especificacións e condicións para o emprego do documento único electrónico para a constitución e posta en marcha de sociedades de responsabilidade limitada mediante o sistema de tramitación telemática.

No DUE poderanse incluír todos os datos referentes á empresa individual que, de acordo coa lexislación aplicable, se deben remitir ás administracións públicas competentes para o cumprimento das obrigacións en materia tributaria e de seguridade social inherentes ao comezo da súa actividade, coa condición de que estes se remitan por medios electrónicos.

2. O DUE conterá dous tipos de datos:

a) Datos básicos, que se deberán consignar no momento en que se dá inicio á tramitación e que serán, para a empresa individual, os establecidos no anexo I do Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, citado no parágrafo anterior, coas especialidades establecidas no artigo 5 deste real decreto, así como todos aqueles que resulten necesarios para cumprir os trámites que se realizarán mediante a utilización do DUE segundo a lexislación vixente en cada momento.

b) Datos que serán incorporados en cada fase da tramitación polas administracións públicas competentes para o cumprimento das obrigacións en materia tributaria e de seguridade social, inherentes ao comezo da súa actividade. Estes datos serán os establecidos no anexo II do Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, salvo no referente ás súas alíneas a), b), c) e e). No referente á alínea d), só será de aplicación o relativo á xustificación da presentación da declaración censual de inicio de actividade.

Artigo 4. Trámites que a empresa individual pode realizar co documento único electrónico (DUE).

1. O DUE permite a realización electrónica dos trámites a que se refiren as alíneas e), f), g), h), i), k), l) e m) do artigo 5.1 do Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, referidos á empresa individual.

2. Por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio poderá establecerse a realización electrónica, mediante o DUE, doutros trámites que complementen ou substitúan os mencionados no punto anterior.

Artigo 5. Tramitación do documento único electrónico (DUE).

1. Unha vez consignados no DUE os datos básicos, que serán os mesmos que para a sociedade limitada nova empresa establece o anexo I do Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, coas especialidades que se establecen no número seguinte, o sistema de tramitación telemática (STT) asignaralle o número CIRCE correspondente, identificando así de maneira única e inequívoca o DUE; a continuación procederase á realización dos trámites establecidos nas alíneas b bis), d bis), e bis), i), k), l), m), n) e ñ) do artigo 6 do Real decreto 682/2003, do 7 de xuño.

2. En relación cos trámites a que se refire o punto anterior, realizaranse coas seguintes especialidades respecto ao artigo 6 e ao anexo I do Real decreto 682/2003, do 7 de xuño:

a) Os datos referentes á denominación social substituiranse polo nome e apelidos do empresario individual.

b) Consignaranse os datos identificativos relativos ao empresario individual, nome e apelidos, idade, sexo, data de nacemento, lugar de nacemento, estado civil e data de estado civil, representante, de ser o caso, nacionalidade, número de identificación fiscal, número de afiliación á Seguridade Social, se o tiver, domicilio e domicilio fiscal se non coinciden, así como todos aqueles datos identificativos relativos ao empresario individual que resulten necesarios segundo a lexislación vixente en cada momento.

c) En canto aos datos societarios e os referidos á oficina liquidadora da comunidade autónoma ou delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria, non será de aplicación o establecido nas alíneas e) e k) do anexo I do Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, salvo o relativo á forma xurídica, que se fará constar a de empresa individual.

d) En canto á cobertura obrigatoria da prestación económica por incapacidade temporal por continxencias comúns para os traballadores por conta propia do réxime

especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, consignarase o Instituto Social da Mariña.

e) En canto aos datos de inscrición do empresario e apertura do CCC (código de conta de cotización) no sistema da Seguridade Social, consignaranse a nacionalidade e o número da Seguridade Social.

f) No caso do traballador autónomo economicamente dependente, consignaranse os datos identificativos da empresa cliente.

g) No suposto dos profesionais pertencentes a unha mutualidade ou colexio profesionais, consignaranse o colexio profesional e a relación con outras entidades ou autónomos, segundo táboas que facilita a Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Artigo 6. *Comunicación de modificacións polas administracións públicas.*

1. Para a correcta realización da tramitación electrónica do DUE a que se refire este real decreto, as administracións públicas competentes deberán facilitar ao administrador do STT, polo procedemento automatizado establecido no propio sistema, as modificacións que se poidan producir con relación a novos datos que tiveren que consignarse, así como calquera modificación nas táboas de codificación dos datos xa contidos no DUE.

2. Recibidas as modificacións a que se fai referencia no punto anterior, o administrador do STT incluíraos de forma automática no sistema.

Artigo 7. *Protección de datos persoais.*

1. Os PAIT unicamente poderán obter datos persoais directamente dos seus titulares ou logo de consentimento explícito destes, e só na medida necesaria para a realización dos trámites establecidos neste real decreto.

2. O tratamento dos datos persoais que se precisen para a tramitación electrónica establecida neste real decreto estará sometido á Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e normativa de desenvolvemento.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, polo que se regula o sistema de tramitación telemática a que se refiren o artigo 134 e a disposición adicional oitava da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada*

O Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, polo que se regula o sistema de tramitación telemática a que se refiren o artigo 134 e a disposición adicional oitava da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Modifícanse os puntos 4 e 5 do artigo 3, que quedan redactados da seguinte forma:

4. A Administración xeral do Estado, a través do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, celebrará convenios para o establecemento de puntos de asesoramento e inicio de tramitación con outras administracións públicas e con entidades públicas ou privadas, colexios profesionais, organizacións empresariais e cámaras de comercio, sempre que o soliciten e poidan acreditar as condicións requiridas.

En calquera caso, os portelos únicos empresariais, creados ao abeiro do Protocolo do 26 de abril de 1999 mediante os correspondentes instrumentos xurídicos de cooperación con comunidades autónomas e entidades locais, poderán realizar as funcións a que se fai referencia no número 1.

Igualmente, aqueles portelos únicos empresariais incorporados á Rede integrada de Atención ao Cidadán mediante instrumentos de colaboración no marco do disposto no Acordo do Consello de Ministros, na súa reunión do día 15 de xullo de 2005, poderán realizar as funcións a que se fai referencia no número 1.

5. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio terá á disposición do público unha relación das oficinas que presten os servizos a que se fai referencia neste artigo.

Dous. Engádense dúas novas alíneas l) e m) ao artigo 5.1, coa seguinte redacción:

l) Inscripción de ficheiros de datos persoais no Rexistro Xeral de Protección de Datos.

m) Solicitud de rexistro de marca e nome comercial.

Tres. Engádense dúas novas alíneas d bis) e e bis) ao artigo 6, coa seguinte redacción:

d bis) Notificación dos ficheiros de datos persoais de clientes e de recursos humanos. O STT remitirá á Axencia Española de Protección de Datos os seguintes datos recollidos no DUE:

1. Denominación social do responsable do ficheiro.
2. Actividade da empresa.
3. Número de identificación fiscal.
4. Domicilio social.
5. Domicilio para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

e) bis. Solicitud de rexistro de marca ou nome comercial. O STT remitirá á Oficina Española de Patentes e Marcas os datos relativos á solicitud de rexistro de marca ou nome comercial, de conformidade cos requisitos establecidos nos artigos 1 e 4.2 do Real decreto 687/2002, do 12 de xullo, polo que se aproba Regulamento para a execución da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas.

Catro. Engádense dúas novas alíneas t) e u) ao anexo I, coa seguinte redacción:

t) Datos relativos á notificación dos ficheiros de datos persoais de clientes e de recursos humanos:

1. Denominación social do responsable do ficheiro.
2. Actividade da empresa.
3. Domicilio social.
4. Domicilio para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.
5. Identificación e finalidade do ficheiro.
6. Orixe e procedencia dos datos.
7. Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro.
8. Indicación do nivel de medidas de seguridade: básico, medio ou alto.
9. Destinatario de cesións e/ou transferencia internacional de datos.

u) Datos relativos á solicitud de rexistro de marca e nome comercial:

1. Os datos relativos á solicitud de rexistro de marca ou nome comercial, de conformidade cos requisitos establecidos nos artigos 1 e 4.2 do Real decreto 687/2002, do 12 de xullo, polo que se aproba Regulamento para a execución da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas.

Cinco. O anexo III queda redactado da seguinte maneira:

ANEXO III

Formularios substituídos polo documento único electrónico (DUE)

O DUE substitúe os formularios abaixo relacionados para os efectos da aplicación deste real decreto:

Declaración censual	Modelos 036 e 037
Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.	Modelo 600
Imposto sobre actividades económicas	Modelos 845 e 846
Declaración censual de comezo, modificación ou cesamento de actividade da Comunidade Autónoma Canaria	Modelo 400
Solicitud de formalización da cobertura de riscos profesionais con entidade xestora da Seguridade Social	TA. 16
Inscripción do empresario na Seguridade Social e apertura de conta de cotización principal	TA.6
Conta de cotización	TA. 7
Réxime especial dos traballadores do mar (declaración individual do traballador autónomo).	TA.49
Réxime especial dos traballadores do mar (inscripción de embarcacións e artefactos flotantes).	TA. 47
Réxime especial dos traballadores do mar (declaración do titular da explotación marítimo-pesqueira e familiar traballador ao seu servizo)	TA. 50
Solicitud de afiliación á Seguridade Social, asignación de número de Seguridade Social e variación de datos	TA. 1
Solicitud de alta no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos. –Traballadores societarios–.	TA. 0521/B
Solicitud de alta do traballador por conta allea ou asimilado	TA. 2/S
Solicitud de inscrición de ficheiros no Rexistro Xeral de Protección de Datos.	Formulario NOTA
Réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar	TA. 0825/1
Réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar (familiar colaborador do titular da explotación).	TA. 0825/2
Solicitud de alta, baixa o variación de datos no réxime especial de autónomos	TA. 0521/1
Solicitud de alta, baixa o variación de datos no réxime especial de autónomos (familiar colaborador do titular da explotación)	TA. 0521/2
Solicitud de rexistro de marca	4101i
Solicitud de rexistro de nome comercial.	4301i

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1332/2006, do 21 de novembro, polo que se regulan as especificacións e condicións para o emprego do documento único electrónico (DUE) para a constitución e posta en marcha de sociedades de responsabilidade limitada mediante o sistema de tramitación telemática.*

O número 1 do artigo 4 do Real decreto 1332/2006, do 21 de novembro, polo que se regulan as especificacións e condicións para o emprego do documento único electrónico (DUE) para a constitución e posta en marcha de sociedades de responsabilidade limitada mediante o sistema de tramitación telemática, queda redactado da seguinte maneira:

1. O DUE permite a realización electrónica dos trámites a que se refiren as alíneas b) a i), k), l) e m) do artigo 5.1 do Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, referidos á sociedade de responsabilidade limitada.

Disposición derradeira terceira. *Supletoriedade.*

No non previsto neste real decreto aplicárase, con carácter supletorio, o Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, polo que se regula o sistema de tramitación telemática a que se refiren o artigo 134 e a disposición adicional oitava da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, así como o Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia que sobre lexislación mercantil atribúe ao Estado o artigo 149.1.6ª da Constitución.

Disposición derradeira quinta. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Os ministros de Industria, Turismo e Comercio e de Xustiza ditarán, no ámbito das súas respectivas competencias, cantas disposicións resulten necesarias para a aplicación do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor ao mes da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 26 de marzo de 2010.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ